

## **Pautas para presentación e defensa telemática do TFM**

aprobadas pola Comisión Académica do Mestrado o 22 de febreiro de 2021  
(De aplicación no caso de non permitirse tribunais presenciais)

1. O TFM entregárase na Secretaría Virtual e na App. Cando o alumnado realice a solicitude de defensa na Secretaría Virtual, xérase un documento en pdf que se debe subir tamén á App. Os membros do tribunal avaliador terán acceso á ficha e ao TFM do alumnado que lle foi asignado a través da App (*Acceso a tribunais asignados*).
2. Superar as materias dos módulos xenérico e específico é requisito indispensable para a defensa do TFM. O alumnado debe subir á App o seu expediente para que o/a Secretario/a do Tribunal poida realizar a comprobación deste requisito, asegurándose de que non se permita defender a quen estea incurso/a en causa de exclusión.
3. A presentación e defensa do TFM farase a través dunha sesión en *Microsoft Teams*, convocada polo/a Secretario/a do Tribunal. Tal e como consta no Documento Marco, nesta sesión o/a estudante disporá dun tempo máximo de 20 minutos para presentar o seu traballo e, posteriormente, os membros do tribunal contarán, no seu conxunto, cun tempo máximo de 20 minutos para formularen cantas preguntas e suxestións estimaren necesarias para ser respondidas polo/a estudante.
4. *Microsoft Teams* será a canle empregada para a publicación das cualificacións provisionais e o anuncio da data e hora da revisión. Dado que as reunións teñen asociado un taboleiro (o *chat*) no que se pode escribir, o/a Secretario/a podería comunicar a nota por esa vía, logo de que terminen as deliberacións do tribunal.
5. As cualificacións definitivas serán publicadas na App e na Secretaría Virtual. O Secretario/a do Tribunal será o encargado de cubrir a ficha de avaliación na App, así como a Acta correspondente na Secretaría Virtual.
6. A data e horario de revisión serán comunicados na listaxe de cualificacións publicada e a través de Teams. A revisión farase por medio dunha reunión en *Teams*, que será programada e anunciada con antelación.

**Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato,  
Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas pola Universidade da Coruña**

Febreiro 2021